

# CENTRO TECNOLÓXICO DA LOUSA DE GALICIA



**Situación:** Sobradelo de Valdeorras s/n  
32330 CARBALLEDA DE VALDEORRAS (Ourense)  
**Teléfono:** 988 335 224  
**Fax:** 988 335 092  
[www.agp.es](http://www.agp.es)  
[laboratoriocpt@agp.es](mailto:laboratoriocpt@agp.es)

O Centro Tecnolóxico da Lousa de Galicia constituíuse no ano 1999, aínda que non é ata o ano 2006 en que o Centro inicia as súas actividades como tal. Ata o ano 2007 o Centro estaba constituído como Fundación privada. Pero, en 2008 cambiase para titularidade pública, formando parte do padroado a Asociación Galega de Pizarristas e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria.

A orixe deste Centro está baseada nas necesidades do sector da lousa, fundamentalmente, como apoio ó sector industrial da lousa na resolución de problemas técnicos relacionados coas actividades de cadea de valor: extracción, elaboración, ensaios e colocación.

As áreas de actividade do Centro derívanse directamente do obxectivo fundamental do mesmo, que é o apoio ó sector mineiro de Galicia, en concreto, o sector da lousa, a través da investigación tecnolóxica de procesos e produtos e o seu control de calidade, coa fin de fomentar a actividade mellorando o rendemento das explotacións situadas en Galicia.

## Recursos humanos

Na actualidade no Centro traballa unha persoa, con titulación Universitaria. Estímase que ó longo de 2009 teña lugar a incorporación de persoal para acadar os obxectivos previstos.

## Organización / Áreas de traballo

O modelo organizativo do Centro está en proceso de cambio. Así, o traballo vaise xestionar desde a Asociación Galega de Pizarristas, creándose un Comité Executivo con participación conxunta da Asociación e o Padroado do Centro para a toma de decisións estratéxicas e directivas.

## Instalacións / Equipamento

O Centro ten un laboratorio que está equipado co material necesario para a realización dos distintos ensaios, como son: un analizador C/S LECO CS 200, unha prensa de 2 toneladas, cámara de ensaios de Xeo/Desxeo, cámara de ensaios de exposición a SO<sub>2</sub> e varias estufas, balanzas, equipos para ensaios dimensionais, entre outro equipamento auxiliar.

## Servizos

- Realización de ensaios segundo norma UNE EN 12326-2:2000 en lousa para cuberta.
- Asesoría en mercado CE de lousa.
- Asesoría en proxectos de I + D + I.



## Proxectos destacados

- "Desenvolvemento do protocolo de determinación da efectividade dun produto protector para pizarras para cubertas".
- "Deseño dunha máquina para o tareo dos bloques de lousa". (Entendéndose como tareo ao paso previo a obtención da placa de lousa unitaria).

## Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

O Centro mantén colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e Vigo a través do FEUGA.

## Acreditacións e certificacións

O Centro dispón de laboratorio Acreditado por ENAC para a realización de parte dos ensaios segundo Norma UNE EN 12326-2:2000.